CA1.4 - Expresar oralmente e con suficiente fluidez, facilidade e naturalidade diversos tipos de textos claros, coherentes, detallados, ben organizados e adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, evitando erros importantes e utilizando rexistros adecuados, así como recursos verbais e non verbais e estratexias de planificación, control, compensación e cooperación..	Ser quen de organizar textos orais que permitan comunicar con fluidez narracións, ideas, argumentos...		
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores, expresando ideas e opinións con precisión e argumentando de forma convincente.	Ser quen de participar en conversacións ou debates, expresando opinións, ideas e argumentos.	TI	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma eficaz, espontánea e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra con amabilidade, axustar a propia contribución á das interlocutoras e dos interlocutores percibindo as súas reaccións, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	. Saber utilizar recursos para manter unha conversación ou debate de xeito educado, fluído e eficaz.		
CA1.9 - Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que hai que atender á diversidade, mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento a partir de diversos recursos e soportes.	Aprender a adecuar os textos ós distintos tipos de interlocutores, segundos as linguas, variedades e rexistros.		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo e dos intereses e ideas das interlocutoras e dos interlocutores.	Saber crear textos axeitados ás intencións comunicativas e intereses dos interlocutores.		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando de forma sistemática sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.	Utilizar as semellanzas e diferenzas entre as linguas para facilitar a aprendizaxe		
CA2.2 - Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con ou sen apoio doutras interlocutoras e interlocutores e de soportes analóxicos e dixitais.	Aprender a utilizar estratexias para mellorar a comunicación.		
CA2.3 - Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, facendo actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, compartindo e facendo explícitos estes progresos e dificultades.	Reflexionar sobre o propio método de aprendizaxe, aprender a autoavaliar e coavaliar o propio proceso, para ser quen de melloralo		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando e avaliando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Valorar a diversidade lingüística e rexeitar os prexuízos e estereotipos que dificultan a comunicación		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar criticamente, tendo en conta os dereitos humanos, a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, e adecuarse a ela favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.	Apreciar a diversidade lingüística e cultural, para compartir culturas e mellorar a convivencia democrática.		
CA3.3 - Aplicar de forma sistemática estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Respectar as variedades mencionadas arriba, para conseguir unha convivencia xusta, democrática e igualitaria.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias técnicas para a adquisición e afianzamento de autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira. - Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos, dar instrucións e consellos, narrar acontecementos pasados puntuais e habituais, describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e predicións a curto, medio e longo prazo, expresar emocións, expresar a opinión, expresar argumentacións, reformular, presentar as opinións doutros e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto, organización e estruturación segundo o xénero e a función textual. - Unidades lingüísticas e significados asociados a estas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas. - Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecementos; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...). - Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas á estes padróns. Alfabeto fonético básico. - Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc. - Recursos para a aprendizaxe e as estratexias de busca e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, a produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.

Contidos

- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc.) a partir da comparación das linguas e das variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
7	Just the Job	13

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Extraer e analizar as ideas principais, a información detallada e as implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e complexos, orais, escritos e multimodais, tanto nun rexistro formal coma informal, sobre temas de relevancia persoal ou de interese público, tanto concretos coma abstractos, expresados de forma clara e na lingua estándar ou en variedades frecuentes, mesmo en contornas moderadamente ruidosas, a través de diversos soportes.	Extraer as ideas principais dos textos propostos	PE	52
CA1.2 - Interpretar e valorar de maneira crítica o contido, a intención, os trazos discursivos e certos matices como a ironía ou o uso estético da lingua de textos de certa lonxitude e complexidade, con especial énfase nos textos académicos e dos medios de comunicación, así como nos textos de ficción, sobre unha ampla variedade de temas de relevancia persoal ou de interese público.	Interpretar criticamente os contidos dos textos propostos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e os coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes e para distinguir a intención e as opinións implícitas e explícitas dos textos, inferir significados, interpretar elementos non verbais e buscar, seleccionar e contrastar información veraz.	Aplicar estratexias de reading e listening		
CA1.5 - Redactar e difundir textos detallados de crecente extensión, ben estruturados e de certa complexidade, adecuados á situación comunicativa, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas evitando erros importantes e reformulando, sintetizando e organizando de maneira coherente información e ideas de diversas fontes, xustificando as propias opinións sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, facendo un uso ético da linguaxe, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Expresar graficamente ideas xerais de xeito comprensíbel		
CA1.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias de planificación, produción, revisión e cooperación para compor textos ben estruturados e adecuados ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das interlocutoras e os interlocutores reais ou potenciais.	Aplicar estratexias de writing e speaking		
CA2.3 - Rexistrar e reflexionar sobre os progresos e as dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira seleccionando as estratexias máis adecuadas e eficaces para superar esas dificultades e consolidar a súa aprendizaxe, facendo actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio europeo das linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe, compartindo e facendo explícitos estes progresos e dificultades.	Completar tarefas de planificación, reflexión e autoavaliación da aprendizaxe		
CA1.4 - Expresar oralmente e con suficiente fluidez, facilidade e naturalidade diversos tipos de textos claros, coherentes, detallados, ben organizados e adecuados á persoa interlocutora e ao propósito comunicativo sobre asuntos de relevancia persoal ou de interese público coñecidos polo alumnado, co fin de describir, narrar, argumentar e informar, en diferentes soportes, evitando erros importantes e utilizando rexistros adecuados, así como recursos verbais e non verbais e estratexias de planificación, control, compensación e cooperación..	Expresar oralmente ideas xerais de xeito comprensíbel	TI	48

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Planificar, participar e colaborar asertiva e activamente, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á súa experiencia, mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das interlocutoras e dos interlocutores, expresando ideas e opinións con precisión e argumentando de forma convincente.	Participar en situacións interactivas con aportacións propias		
CA1.8 - Seleccionar, organizar e utilizar, de forma eficaz, espontánea e en diferentes contornas, estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra con amabilidade, axustar a propia contribución á das interlocutoras e dos interlocutores percibindo as súas reaccións, solicitar e formular aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater, resolver problemas e xestionar situacións comprometidas.	Aplicar estratexias comunicativas		
CA1.9 - Interpretar e explicar textos, conceptos e comunicacións en situacións nas que hai que atender á diversidade, mostrando respecto e aprecio polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas, variedades ou rexistros empregados e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento a partir de diversos recursos e soportes.	Transmitir información entre diferentes soportes, rexistros e formatos		
CA1.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, que faciliten a comunicación, que sirvan para explicar e simplificar textos, conceptos e mensaxes e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función da tarefa e do coñecemento previo e dos intereses e ideas das interlocutoras e dos interlocutores.	Aplicar estratexias de mediación lingüística		
CA2.1 - Comparar e contrastar as semellanzas e as diferenzas entre distintas linguas reflexionando de forma sistemática sobre o seu funcionamento e establecendo relacións entre elas.	Identificar semellanzas e diferenzas entre L1 e a lingua inglesa		
CA2.2 - Utilizar con iniciativa e de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con ou sen apoio doutras interlocutoras e interlocutores e de soportes analóxicos e dixitais.	Aplicar estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira		
CA3.1 - Actuar de forma adecuada, empática e respectuosa en situacións interculturais construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando e avaliando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo e solucionando aqueles factores socioculturais que dificulten a comunicación.	Actuar axeitadamente ante as diferenzas con outras culturas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar criticamente, tendo en conta os dereitos humanos, a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira, e adecuarse a ela favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa sustentabilidade e cos valores democráticos.	Valorar a importancia da diversidade cultural		
CA3.3 - Aplicar de forma sistemática estratexias para defender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar estratexias de defensa e apreciación da diversidade lingüística e cultural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias técnicas para a adquisición e afianzamento de autoconfianza, iniciativa e asertividade. Estratexias de autorreparación e autoavaliación como forma de progresar na aprendizaxe autónoma da lingua estranxeira. - Estratexias para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. - Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás. - Funcións comunicativas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: describir fenómenos e acontecementos, dar instrucións e consellos, narrar acontecementos pasados puntuais e habituais, describir estados e situacións presentes e expresar sucesos futuros e predicións a curto, medio e longo prazo, expresar emocións, expresar a opinión, expresar argumentacións, reformular, presentar as opinións doutros e resumir. - Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto, organización e estruturación segundo o xénero e a función textual. - Unidades lingüísticas e significados asociados a estas unidades, tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, a cantidade e a calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación e as relacións lóxicas. - Léxico común e especializado de interese para o alumnado relativo ao tempo e ao espazo; estados, eventos e acontecementos; actividades, procedementos e procesos; relacións persoais, sociais, académicas e profesionais; educación, traballo e emprendemento; lingua e comunicación intercultural; ciencia e tecnoloxía; historia e cultura e estratexias de enriquecemento léxico (derivación, familias léxicas, polisemia, sinonimia, antonimia...). - Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación e significados e intencións comunicativas xerais asociadas á estes padróns. Alfabeto fonético básico. - Convencións ortográficas e significados e intencións comunicativas asociadas aos formatos, patróns e elementos gráficos. - Convencións e estratexias conversacionais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir e parafrasear, colaborar, negociar significados, detectar a ironía etc. - Recursos para a aprendizaxe e as estratexias de busca e selección de información e curación de contidos: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, mediatecas, etiquetas na Rede, recursos dixitais e informáticos etc. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados: ferramentas para o tratamento de datos bibliográficos e recursos para evitar o plaxio. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, a produción e coprodución oral, escrita e multimodal e plataformas virtuais de interacción, colaboración e cooperación educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas...) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.

Contidos

- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e cun alto grao de autonomía, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta superando as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros, etc.) a partir da comparación das linguas e das variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.
- Expresións e léxico específico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación sistemática entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre pobos, facilitador do acceso a outras culturas e outras linguas e como ferramenta de participación social e de enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira, así como por coñecer informacións culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos a convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; institucións, costumes e rituais; valores, normas, crenzas e actitudes; estereotipos e tabús; linguaxe non verbal; historia, cultura e comunidades; relacións interpersoais e procesos de globalización en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias de prevención, detección, rexeitamento e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Tendo en conta todo o expresado na introdución, a metodoloxía está moi clara.

- Revisión da gramática dos cursos anteriores e ampliación, especialmente coa explicación das novas expresións e frases que vaian aparecendo nos textos.
- Lectura de textos de selectividade e ABAU - tamén probas doutras autonomías que coincidan co formato, como Castela a Mancha -, incidindo na técnica de busca das xustificacións para as preguntas de verdadeiro/falso, mediante a busca por palabras fundamentais. En canto aos sinónimos, busca por tipo de palabra, que facilita enormemente o traballo e reduce o tempo.
- En canto á fonética, aprender paulatinamente os símbolos fonéticos e as consoantes xordas e sonoras, que facilitarán moito especialmente identificar a pronunciación dos finais dos verbos irregulares en pasado e dos plurais. Tamén a pronunciación de certas consoantes, coma c ou ss; ou palabras que se pronuncian igual, pero cústalles facelo por ter grafías diferentes: work, word, turn, bird, girl, ou sun e son. Incidir na correcta pronunciación, xa que, se non se pronuncia correctamente, é imposible facer os exercicios de fonética, excepto os finais de verbos e plurais.
- As transformacións iranse introducindo pouco a pouco, dende o principio. Non evitaremos ningunha, o que nos permitirá ir adiantando o repaso dunha gramática que xa deron, e a introdución de novas expresións e preposicións seguidas de -ing ou to+inf, ...the fact that+ clause, etc.
- Todas as transformacións que fagamos ó longo do curso quedarán resoltas nun arquivo que iremos creando na aula virtual, para que poidan repasalas facilmente. O gran problema das transformacións é que, si non se fan moitas e repetidamente, non se lles ocorren ou cometen erros. Ademais, hai moitas expresións e construcións que saen nas transformacións que son moi útiles para argallar un texto rico e atractivo, que non repita as construcións sinxelas da ESO.
- As redaccións enfrontaranse de varias formas: haberá un arquivo na aula virtual con distintos tipos de textos e os conectores e expresións que nos axudan a estruturar un bo escrito. Tendo en conta que levamos anos nos que as redaccións feitas na casa, en moitos casos, non son cribles polo nivel do "autor": a intelixencia artificial, estas non

contarán para nota. Sen embargo, corrixiremos algunhas para que os alumnos que queiran practicar poidan facelo. Polo tanto, a expresión escrita, será cualificada polas redaccións dos exames. Tamén se poderán por un par de redaccións extra na clase, que se recollerán e se avaliarán.

- Finalmente, para resolver o problema o que nos referimos no punto 4 da introdución, escolleremos unha serie de temas de actualidade e transversais, noticias, artigos, vídeos, etc. O profesor e a lectora, que decidimos que vaia a cada grupo cada dúas semanas, comentará o mesmo, para introducir o tema/noticia, verá o vocabulario e expresións interesantes e, finalmente, farase un debate ou unha tormenta de ideas, que axude ós estudantes a formar unha idea ou opinión que lles permita elaborar o tipo de texto que se lles pida.

- Tamén se lles aconsellou ós estudantes que vaian elaborando un porta folio cos erros máis salientables, que deberán repasar semanalmente, para ir solucionando os mesmos.

En canto a actividades que non sexan exames de ABAU ou partes dos mesmos, prantexaranse presentacións ou pequenos proxectos na 1^o e 2^o avaliacións. A 3^a avaliación estará dedicada exclusivamente á preparación intensiva do exame ABAU.

A idea é ir introducindo todas as partes do exame ABAU, pouco a pouco, solucionar os problemas de base que moitos alumnos teñen e deixarlles claro dende o principio que, por moito nivel que teñan, a proba necesita unha preparación específica ou non acadarán a nota que cren merecer - e seguro moitos merecen - debido ó sistema de corrección.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

- 1.- Libro de texto Mindset 2 Student's Book.
- 2.- Libro de exercicios Mindset 2 Workbook.
- 3.- Versións dixitais dos libros anteriores.
- 4.- Interactive Student Mindset 2.
- 5.- Materiais impresos e dixitais de Mindset 2 All-in-One Pack.
 - Textos de selectividade, ABAU e Castela a Mancha.
 - Practical Phonetics Exercises. Bulingtong Books.
 - Páxinas de internet para distintos tipos de exercicios.
 - Artigos e informacións de temas de actualidade ou transversais.
 - Vídeos sobre temas transversais protagonizados por persoas relevantes; e vídeos tipo Oxford English : how to talk about (the environment, write a story, a description, etc)
 - Documentais sobre os mesmos temas.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, aparte de observar a resolución dos primeiros textos na clase e a capacidade de comprensión escrita e oral e expresión oral, que xa da unha idea moi aproximada; consistirá nunha redacción sobre un tema tratado na clase.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	5	7	8	15	15	20	30
Proba escrita	50	60	60	60	60	60	52
Táboa de indicadores	50	40	40	40	40	40	48

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	57
Táboa de indicadores	43

Criterios de cualificación:

Na 1ª e 2ª avaliacións realizaranse dous exames, nas datas establecidas pola xefatura de estudos, que incluírán gramática, vocabulario, textos e fonética.

A avaliación será:

Exames 2 50% (100% en total)

O alumnado deberá acadar unha nota igual ou superior a 5 para aprobar as avaliacións

Na 3ª avaliación, realizarase un exame (100% da nota) nas datas establecidas pola dirección, que consistirá nun exame completo de PAU, que será corrixido segundo os criterios de avaliación propostos pola CIUG.

A nota final calcúlase facendo unha media ponderada co 20% da nota da primeira avaliación, un 30% da nota da segunda e un 50% da nota da terceira. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

Se a diferenza entre a primeira avaliación e a última é de +3/4 puntos, ou superior, o que supón unha progresión excelente, eliminarase a primeira avaliación da ponderación final. A avaliación final será positiva cando a cualificación sexa igual ou superior a 5 puntos. Se o alumnado non acada o 5 na avaliación final, deberá presentarse á proba extraordinaria para poder recuperar a materia antes de que remate o curso.

Seguindo o principio da avaliación continua, e tendo en conta que é unha asignatura práctica onde todo se segue utilizando sempre, non haberá recuperacións parciais. A maioría dos CA avalíanse ó longo de todo o curso-repetidamente - polo tanto, a nota final será a última, que indica a progresión e o nivel acadado en cada CA.

A nota final do curso será a suma das notas de tódolos CA coa súa ponderación correspondente. De non acadar o 50% (5 puntos), deberá presentarse á proba extraordinaria.

Criterios de recuperación:

Aqueles alumnos que teñan que presentarse á convocatoria extraordinaria serán avaliados polos coñecementos demostrados nese exame exclusivamente e a súa cualificación será calquera das comprendidas entre 0 e 10.

O exame da convocatoria extraordinaria de 2º de bacharelato consistirá só nun texto tipo selectividade

6. Medidas de atención á diversidade

Como punto de partida tomamos en conta catro ámbitos de diversidade:

- A capacidade para aprender

Cada alumno/a ten o seu propio ritmo de aprendizaxe. Partimos da base de que todos/as son quen de acadar un nivel mínimo sempre que sigan un ritmo sostido de traballo, que pode ser diferente para cada un/ha. Consideramos este aspecto ao incluír un repaso continuo de estruturas e vocabulario. Ofrécense tarefas con diferentes niveis de dificultade para poder integrar aos distintos tipos de alumnos/as, mostrando amplas oportunidades de reforzo para os alumnos/as con capacidades menos desenvolvidas e, á vez, materia de ampliación para os de nivel máis avanzado. Con este conxunto de materiais, o profesorado pode elixir e adecuar as tarefas ao nivel concreto de cada alumno/a.

- A motivación para aprender

A motivación do alumno/a para aprender é moi diversa, sobre todo cando se trata dun idioma, debido a que depende moito do historial de éxito ou de fracaso que tivese ata ese momento. En moitas ocasións, a motivación está directamente condicionada polo ambiente e o contexto no que os alumnos/as se desenvolven.

Tomamos en conta tanto este factor como as diferenzas no ambiente sociocultural do que proceden os alumnos/as, pois todo iso inflúe notabelmente non só no nivel das súas motivacións individuais, senón tamén na forma máis lóxica e funcional de presentarlles os contidos. Seleccionáronse temas que fan posíbel a implicación emocional dos alumnos/as dado o noso convencemento de que, cando se apela ao que directamente lles afecta e interesa, a resposta ao estímulo está asegurada.

- Os estilos de aprendizaxe

Ao longo dos últimos anos leváronse a cabo toda clase de estudos sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma. Como é ben sabido, o alumno/a pode ser reflexivo ou impulsivo cando se enfrenta ás súas tarefas escolares. Uns/has poden reaccionar moi rapidamente e, mesmo así, necesitar varios intentos para asimilar unha idea, mentres que outros/as poden traballar máis concienciadamente e aprender máis amodo obtendo o mesmo resultado. Este factor tívose en conta sistematicamente. Por exemplo, á hora de ensinar as estruturas inclúense táboas e exercicios para aprender e repasar a gramática paso a paso, do mesmo xeito que unha ampla repetición e práctica en distintas situacións para os alumnos/as que non usen tanto o estilo analítico cando aprenden.

Pensando nos diferentes estilos e niveis de desenvolvemento das capacidades de aprendizaxe, deseñáronse varios tipos de actividades que dan cabida aos distintos estilos de aprendizaxe, enmarcadas nunha secuenciación de estratexias para que desenvolvan a súa autonomía en cada destreza comunicativa. Por iso desde a primeira unidade promovemos a reflexión dos alumnos/as sobre a súa propia aprendizaxe, para que non só sexan conscientes do seu progreso, senón que tamén aprendan de maneira máis efectiva, o cal implica maior motivación e responsabilidade por parte do alumnado.

- Os intereses dos alumnos/as

É un feito que os intereses dos alumnos/as diversifícanse moito máis en Bacharelato. O seu interese por aprender un idioma varía moito dependendo da súa motivación e/ou a necesidade de facelo. Por iso incluímos unha gran variedade de temas, tentando que sexan de interese para a maioría.

Ademais, levouse a cabo unha coidadosa selección de funcións co fin de que as poidan poñer en práctica nun futuro próximo, tales como as necesarias para responder un test de cultura xeral, manter conversacións informais, escribir correos electrónicos, entender aos mozos/as da súa idade doutros países, etc.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Igualdade	X						
ET.2 - Desenvolvemento cultural e científico		X					
ET.3 - Saúde.			X				
ET.4 - Cambio climático				X			
ET.5 - Respecto e cooperación- A paz.					X		
ET.6 - Consumo responsable e sustentabilidade.						X	
ET.7 - Actualidade.	X	X	X	X	X	X	

Observacións:

Os elementos transversais estarán sempre presentes nos textos e nos materiais - artigos, vídeos, documentais, presentacións e debates coa lectora e profesor sobre temas de actualidade, etc. Os aquí mencionados trataranse especificamente segundo aparecen na descripcións das unidades e según vaian saíndo nos distintos textos que vaíamos vendo, que serán moitos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Relacionadas con "o día de"	En observacións	X	X	

Observacións:

Procurarase colaborar con actividades relacionadas con temas transversais ou da biblioteca.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Comprobar que a programación se axeita ás necesidades do alumnado.
Metodoloxía empregada
Flexibilidade para cambiar a metodoloxía en función do grupo ou casos dentro dun grupo.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Distribución dos espazos da aula atendendo á necesidade do alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Aplicación dos protocolos establecidos, reforzos, ACIs.
Clima de traballo na aula
Reunións do profesorado do nivel para que a preparación sexa parella e para posibles cambios.

Descrición:

A maioría destes temas xa se trataron na introdución e na metodoloxía. Queda claro que a programación foi feita especificamente para un tipo de alumnado que coñecemos e sabemos que necesidades teñen. Por outra parte, sabemos os criterios de avaliación das ABAU e os resultados pouco satisfactorios dos últimos anos; por iso incidimos tanto nas transformacións e na redacción - tamén na fonética, aínda que é un tema inabarcable se non se poñen exercicios adecuados ó nivel -, porque son os problemas maiores.

A metodoloxía está crara, xa que se encamiña principalmente a preparar as ABAU, pero tratando de presentar temas de xeito que haxa práctica oral e tratamento de temas diversos, para contribuir á formación integral dos estudantes, non só para unha proba, aínda que iso sexa a meta fundamental.

En canto a atención á diversidade, xa está explicada no apartado correspondente.

Finalmente, as reunións formais e charlas cos compañeiros do mesmo nivel suceden con fluidez e moita frecuencia no departamento.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Explicado en apartado anterior.

9. Outros apartados